



MANUEL AMIGO

Válvula de escape

MANUEL AMIGO

Válvula de escape

Do 22 de xaneiro ao 12 de febreiro de 2010

curiol galería de arte

República do Salvador, 4 baixo

Santiago de Compostela

981 561 764 - 680 991 740

chicholosa@telefonica.net

Horario: 12-14 h., 18-21 h.

Fotografía: Margen

Imprime: La Ibérica

Portada: **Carballos**, 2004. Acrílico sobre madeira. 49 x 44 cm

Contraportada: **Cidade 4**, 2006. Acrílico sobre madeira. 67 x 61 cm


É sempre sorprendente que alguén plasme sobre un lenzo a impresión da vida que o rodea e consiga lograr a expresión dela en luz e cor, que é o máis intrínseco da pintura, sen ocuparse da descrición formal do volume e das formas, herdada do clasicismo, abandonándoa para diluír ambos aspectos, forma e volume, mesturándoos ou separándoos de xeito impreciso dando lugar a cadros cheos de identidade, cando o que fixo foi traballar sen reparar na identidade daquilo que proxectaba neles.

Manuel Amigo, *Fifio* para quen o coñecemos dende hai anos, capta o momento de luz, a súa fugacidade, cun sentimento de espontaneidade nas súas obras, buscando a inspiración na vida cotiá. Aplicando sobre o lenzo pinceladas de cor curtas e xustapostas, logra que as nosas retinas as mesturen na distancia e vexamos esa realidade que el nos ofrece máis aló das formas que subxacen por baixo delas. Dáanos unha descrición dun momento visual máis ampla da descrición formal, na que a luz e as cores dan lugar a una *impresión* máis poderosa.

Este tipo de pintura confirma plasticamente o que demostrou a psicoloxía da Gestalt: perceptivamente, se se combinan certas condicións, partes inco nexas dan lugar a un todo unitario. O uso de pequenas pinceladas de cores puras resulta nun todo vibrante, e, aínda que as pinceladas illadamente non obedeceran á forma ou á cor local do modelo, en conxunto, ao seren captadas global e unitariamente, adquiren a unidade necesaria para percibir un todo definido.

Damos pois a benvida ao mundo das exposicións a este pintor e colega que aínda non nos mostrara a súa obra en público, e dámoslle tamén a benvida ao colectivo de *Medicina e Arte en Galicia*, grupo de profesionais da medicina que nos dedicamos, no noso tempo de lecer, ás artes; énchenos de ledicia que expuxera por primeira vez connosco, na exposición colectiva '*Medicina e Arte, outro camiño*' en Ribadavia en novembro de 2009.


Lourdes Maceiras



Bareto 2, 2008. Acrílico sobre madeira. 46 x 80 cm



Cidade 1, 2005. Acrílico sobre cartón. 99 x 70 cm



Bareto 1, 2006. Acrílico sobre madeira. 45 x 80 cm




“Altura”, 2008. Acrílico sobre cartón. 30 x 42 cm



Paisaxe 4, 2008. Acrílico sobre lenzo. 30 x 60 cm



Cidade 2, 2006. Acrílico sobre cartón. 99 x 70 cm




“Transferencia tecnológica”, 2009. Acrílico sobre cartón. 29 x 42 cm



Trabajo duro, 2009. Acrílico sobre cartón. 34 x 48 cm



Mariña 1, 2008. Acrílico sobre lenzo. 50 x 100 cm




Mesa da cociña 1, 2006. Acrílico sobre cartón. 98 x 70 cm



Chalana na area, 2009. Acrílico sobre lenzo. 40 x 40 cm



"Mani", 2005. Acrílico sobre lenzo. 50 x 61 cm



URIOL galería de arte